

**BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSOAL DO
OBRADOIRO DE EMPREGO NOIA-OUTES-LOUSAME 2026**

O obradoiro de emprego **Noia-Outes-Lousame 2026** é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e cofinanciado pola Unión Europea, e promovido polo **Concello de Noia conveniado co concello de Outes e o Concello de Lousame**.

A especialidade a impartir é a seguinte:

- **Actividades auxiliares na conservación e mellora dos montes (AGAR0309)** (20 alumnos/as)
- **Actividades auxiliares en aproveitamentos forestais (AGAR0209)** (20 alumnos/as)

A distribución por concellos é a seguinte:

- **Concello de Noia: 8 alumnos/as**
- **Concello de Outes: 6 alumnos/as**
- **Concello de Lousame: 6 alumnos/as**

As actuacións a realizar para a execución no desenvolvemento do proxecto son as seguintes:

1. Parcela da Chainza: Referencia Catastral 8865104NH0386N0001JE, Noia
2. Praza de San Lázaro: Referencia Catastral 9366501NH0396N0001KU, Noia
3. Campo da Rodas. (*), Noia
4. Praza Sofreixos. (*), Noia
5. Monte do Bolo: Referencia Catastral 9567901NH0396N0001MU, Noia
6. Monte do Bolo: Referencia Catastral 9568902NH0396N0001FU, Noia
7. Entorno local social da Barquiña: Referencia Catastral 8787901NH0388N0001KF, Noia
8. Entorno local social da Barquiña: Referencia Catastral 8787902NH0388N0001RF, Noia
9. Campo de fútbol de Pontenafonso: Referencia Catastral 15058A006000360000QA, Noia
10. Paseo Marítimo e rúa Antón Avilés: Referencia Catastral 15058A032092000000QU, Noia
11. Malecóns de Gasset, Cadarso e San Lázaro. (*), Noia
12. Praza de Bergondo: Referencia Catastral 8863401NH0386S0001GA, Noia
13. Entorno Local social de Barro: Referencia Catastral 8778128NH0387N000YL, Noia



14. Castelo de Nimo: Referencia Catastral 15058A011000600000QG , Noia
15. Alameda de Noia. (*) , Noia
16. Xardíns Felipe de Castro (*) , Noia
17. Praza das Angustias. (*) , Noia
18. Praza Campo da Feira (*) , Noia
19. Pol 82, Parcela 79 Monte U.Pública Nº 3333 VOLTA DO CERRADO, Outes
20. Pol 99, Parcela 836 PEDREGAL, Outes
21. Pol 506, Parcela 223 MEDOÑAS, Outes
22. PARCELA 001700600NH13E0001PP, B o s q u e d o N e n o - A Silva, Lousame.
23. PARCELA 15043E505001880000BA, San Finx, Lousame.
24. PARCELA 15043E505001890000BB, San Finx, Lousame.
25. PARCELA 15043A090002080000XD, San Finx, Lousame
26. PARCELA 15043A092004810000XO, San Finx, Lousame.
27. PARCELA 15043A081001370000XU, San Finx, Lousame.
28. PARCELA 15043A065005430000XG, Redullo, Lousame.
29. PARCELA 000201300NH13E0001OP , Casa do Concello - Lousame.
30. PARCELA 001700600NH13E0001PP, Colexio da Silva e zona deportiva - Lousame.
31. PARCELA 15043J503051190000DA , Centro de Día Municipal – Lousame .
32. PARCELA 000700100NH13F0001XL, Local Social de Vilacoba - Lousame.
33. PARCELA 15043G505004150000IG, Pista polideportiva de Vilacoba - Lousame.
34. PARCELA 15043A084002270001MJ, no Monte da Filgueira - Lousame.
35. PARCELA 15043A087002890000XB , no Monte da Filgueira - Lousame.
36. PARCELA 15043D505008580000EA , Castro Comparada – Lousame.
37. PARCELA 15043A016001160001MK, San Xusto – Lousame.
38. PARCELA 15043A016001160000XJ, San Xusto – Lousame.
39. PARCELA 002502300NH14A0001LF, San Xusto – Lousame.
40. PARCELA 15043A020000810000XP, San Xusto – Lousame.

O obradoiro terá unha duración de **9 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**. O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato de formación en alternancia e o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- **1 director/a** (xornada completa)



- 2 mestres/as da especialidade de **Actividades auxiliares na conservación e mellora dos montes** (xornada completa)
- 1 mestre/a de **ensino básico** (50 % da xornada)
- 1 **técnico/a orientación laboral** (50% da xornada)
- 1 **administrativo/a** (xornada completa)

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

Grupo de traballo mixto:

O grupo de traballo mixto ou comisión de selección estará formado por catro persoas (Presidente/a, Secretario/a e dous Vocais), designadas polos concellos que forman a entidade promotora. A presidencia do grupo de traballo mixto recaerá nunha das persoas designadas polo concello de Noia por ser o concello que representa a entidade promotora. **Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo mixto nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.**

O grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teña lugar as reunións do grupo de traballo mixto, algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que para o efecto designe o responsable de cada concello que conforma a entidade promotora.

O presente proxecto terá como **data límite prevista para o seu inicio o 01/06/2026**, segundo se establece na resolución de concesión da subvención ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (DOG núm. 228, do 25 de novembro de 2025)

Procedemento de selección alumnado-traballador/a:



Sistema de selección: Oferta tipo T (Taller de emprego)

Localidade: Ámbito dos Concellos de Noia, Outes e Lousame. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación en alternancia e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro. Tamén poderán ser preseleccionadas as persoas demandantes de emprego que se atopen na situación de administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”

Criterios preferentes de selección: O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 10º Orde do 14 de novembro de 2025 DOG núm. 228, do 25 de novembro de 2025, segundo baremo que se xunta.

O grupo de traballo mixto poderá excluír do proceso selectivo ás persoas candidatas que tiveran participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado polo grupo de traballo mixto, e o mínimo será, se é posible, de 3 por praza. A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: 320, 330, 340 ou 370 a partir dos 18 anos.

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de Santiago - Centro**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo mixto.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as será efectuada polo grupo de traballo mixto que realizará en primeiro lugar unha entrevista persoal co obxectivo de valorar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Despois da entrevista aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego.



As persoas que non presenten a documentación ou que non acudan ás convocatorias das distintas fases do proceso quedarán excluídas.

Puntuacións provisionais: A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros de anuncios e nas sedes electrónicas dos concellos que forman a entidade promotora e na mesma resolución figurará o prazo para efectuar reclamacións.

Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e os méritos acreditados. No caso de empate será de aplicación o recollido no artigo 16 da circular, con data 18/04/2026, facilitada pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, sendo os seguintes para dirimir os posibles empates os seguintes:

- O maior tempo acreditado como desempleado.
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade.

Puntuacións finais e contratación como alumnos-as/traballadores-as

Unha vez rematado o proceso, a entidade promotora publicará as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento que virán dadas pola suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento realizado. Determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a-traballador/a pola entidade promotora.

Listaxe de reserva

Elaborarase unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección e segundo a orde de puntuación acadada, ocuparán a praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produzan por baixas ou renuncias durante o prazo permitido para incorporar novo alumnado. Esta bolsa extinguirase unha vez finalizado o obradoiro.



No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección.

O grupo de traballo redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

Procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio:

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora se acolle ao artigo 34.2 do Real Decreto 818/2021, que regula os programas comúns de activación par ao emprego do SNE, isto é, a entidade promotora (o Concello de Noia) propón a continuidade do persoal directivo, docente e de apoio contratado anteriormente no proxecto “OBRADOIRO DE EMPREGO NOIA-LOUSAME 2024”, acolléndose ao artigo anteriormente citado.

Publicacións e/ou notificacións:

O grupo de traballo mixto acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nas sedes electrónicas e nos taboleiros dos respectivos concellos e na oficina de emprego de Santiago - Centro.

Incompatibilidade

O persoal directivo, docente e administrativo de apoio, contratado a través das presentes bases, que causen baixa voluntaria, non poderán acceder ao proceso de contratación doutro obradoiro de emprego desenvolvido ao abrigo da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (DOG 228, do 25 de novembro de 2025).

Noia, na data que figura a marxe.

O Alcalde,

Don Francisco Pérez Caamaño

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE



ANEXO I: BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO TRABALLADOR**ENTREVISTA PERSOAL** 10 puntos

A continuación valoraránse as seguintes aspectos que, para que sexan tidos en conta, deberán ser xustificadas coa documentación correspondente:

1- MULLERES

Mulleres, en xeral..... 1 punto

2- IDADE

- 18 - 29 anos..... 4 puntos
- 30 - 44 anos..... 2 puntos
- 45 ou máis anos..... 3 puntos

3- DISCAPACIDADE (acreditado mediante certificado)

Minusvalía = ou >33 % 1 punto

(* Deberase acreditar documentalmente a compatibilidade da discapacidade cos traballos a realizar)

4- PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

- Persoas perceptoras de prestación por desemprego..... 2 puntos
- Persoas perceptoras de subsidios do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) e da Seguridade Social (RAI, SED, e análogas)..... 3 puntos
- Persoas non perceptoras..... 4 puntos

5- TEMPO EN DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (segundo informe de vida laboral)

- Ata 12 meses..... 1 punto
- Máis de 12 meses..... 2 puntos
- Máis de 18 meses..... 3 puntos
- Máis de 24 meses..... 4 puntos

6- CATEGORÍA PROFESIONAL (no traballo inmediatamente anterior, segundo Informe de Vida Laboral)

- Persoas autónomas e Grupos de cotización de 1 a 7..... 1 punto
- Grupo de cotización 8 e 9..... 2 puntos
- Grupo de cotización 10..... 3 puntos



- Sen emprego anterior (*)..... 4 puntos
- (*) Esta situación deberá acreditarse cun certificado negativo de vida laboral emitido pola Seguridade Social.

7- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

(acreditado mediante certificado de Servizos Sociais do correspondente concello ou da entidade e/ou organismo que corresponda.)

- Persoas beneficiarias da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) e aquelas persoas as que lle fose denegada unha solicitude, ben por falta de período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido; persoas drogodependentes rehabilitadas acreditadas, ex -reclusos/as, persoas que abandonaron o exercicio da prostitución, traballadores/as inmigrantes residentes da comunidade, emigrante retornados con graves necesidades familiares ou persoais, mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral, mulleres vítimas de violencia de xénero con medidas en vigor (debe acreditarse documentalmente), persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica, e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social. 1 punto

8- FORMACIÓN ACADÉMICA (a titulación máis alta. A puntuación non é acumulativa)

- Ata graduado en ESO.....3 puntos
- Bacharelato/BUP/FP Ciclo medio2 puntos
- Títulos universitarios e de FP/Ciclo Superior.....1 punto

9- RESPONSABILIDADES FAMILIARES (acreditado documentalmente co certificado correspondente)

Entenderase por fillo/s os menores de 25 anos a cargo ou maiores incapacitados ou menores acollidos.

- Familia numerosa..... 1 punto
- Familia monoparental con fillo/s..... 1 punto

10- OUTROS

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario Profesional de Inserción (IPI) e terán que ter asinado o compromiso de actividade antes da data de concesión de subvención, 17/04/2026. Ademais, o obxectivo profesional recollido no itinerario deberá ter relación coa especialidade do obradoiro de emprego a desenrolar 2 puntos



11- Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e os méritos acreditados. No caso de empate será de aplicación o recollido no artigo 16 da circular, con data 17/04/2026, facilitada pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, sendo os seguintes para dirimir os posibles empates os seguintes:

- O maior tempo acreditado como desempleado.
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade.

12- DOCUMENTACIÓN

Para participar no proceso selectivo deberá figurar na listaxe remitida pola oficina de emprego e presentar a copia da documentación relativa a requisitos específicos e circunstancias persoais que se relaciona a continuación. As persoas aspirantes deberán acudir a entrevista provistas de DNI ou documento identificativo válido en vigor:

- DNI (copia)
- Informe de vida laboral. No caso de persoas que nunca estiveran dadas de alta na Seguridade Social, debe solicitarse igualmente o informe que acredite esta situación na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Xustificante, de ser o caso, de ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%
- Xustificante de ser perceptor/a ou non dunha prestación ou subsidio.
- Copia da titulación académica.
- Informe, de ser o caso, dos servizos sociais do concello respectivo ou da entidade/organismo correspondente de pertencer a colectivos en risco de exclusión social.
- Responsabilidades familiares (título de familia numerosa ou acreditación documental de ser familia monoparental con fillo/s a cargo, de ser o caso)
- Xustificante de participación en IPI, de ser o caso.
- Certificado médico, no caso de ter unha discapacidade, conforme dita discapacidade é compatible para poder desenrolar as actuacións que se levarán a cabo no obradoiro.

